

CENTRO DE ARTES DIXITAIS DE GALICIA

CIDADE DA CULTURA



XUNTA
DE GALICIA

POR QUE UN CENTRO DE ARTES DIXITAIS DE GALICIA?



As **artes dixitais** **representan un importante motor social e económico** e un potente activo na preservación e divulgación do patrimonio cultural material e inmaterial.



Galicia conta neste intre cunha ventá de oportunidade para albergar un **centro de referencia no panorama español** pioneiro no impulso ás tecnoloxías creativas dixitais desde as institucións públicas.



O Centro de Artes Dixitais de Galicia busca **aproveitar o potencial dixital no desenvolvemento da cultura** en todos os formatos e en contornas presenciais, virtuais ou híbridas.



Aspira, en definitiva, a consolidarse como un punteiro **banco de experimentación con tecnoloxías e plataformas presentes e futuras**, xerando oportunidades para a innovación disrutiva nas artes dixitais.

PARA QUE?

10 LIÑAS DE ACCIÓN

1 Promover a experimentación e desenvolvemento artístico e creativo a través de tecnoloxías, plataformas e formatos innovadores.

2 Apoiar a exhibición de obras artísticas, producións e recursos culturais en formatos innovadores, incluídos os transmedia, híbridos e puramente dixitais.

3 Achegar ao público producións artísticas que non adoitan estar dispoñibles noutros centros culturais e expositivos ou nas plataformas masivas de consumo cultural.

4 Actuar como nodo de cooperación entre a industria creativa e cultural galega e de apoio na súa produción e proxección global.

5 Aposar as posibilidades das tecnoloxías dixitais nos eidos da creación e da arte, a divulgación cultural ou a educación.

6 Preservar a arte e o patrimonio dixital de Galicia.

7 Establecer sinerxías con outras entidades e institucións nacionais e internacionais para desenvolver proxectos de amplo alcance.

8 Servir como referente no uso ético das tecnoloxías no eido artístico e cultural.

9 Favorecer unha cultura inclusiva, accesible e democrática, con especial atención á redución da fenda dixital.

10 Xerar coñecemento nos campos nos que a arte dixital ten presenza, a través de colaboracións con universidades e centros de ensino, unidades de investigación ou empresas.



PARA QUEN?





POR QUE NA CIDADE DA CULTURA?

1

Oportunidade

Para o Centro de Artes Dixitais de Galicia propónse acondicionar a **estrutura de sotos en desuso do Teatro da Música**, edificio non construído, cuxo espazo exterior foi reconvertido no Edificio Fontán.

O emprego desta estrutura, situada baixo o **aparcadoiro número 3** da Cidade da Cultura, representa unha oportunidade en termos de viabilidade económica, aforro e operatividade, xa que non implicará a construción dun edificio novo, senón a adecuación de espazos xa existentes.

2

Optimizar servizos e recursos

A Cidade da Cultura favorece un ecosistema idóneo para o desenvolvemento da actividade do Centro de Artes Dixitais de Galicia e asegura o acceso a servizos e instalacións técnicas xerais:

— A Cidade da Cultura será un **magnífico escaparate** para o traballo do propio centro, promovendo sinerxías con outros espazos e entidades que alberga o Gaiás, como a Amtega, o GaiásTech, o Incipit, o Centro de Emprendemento Creativo ou o Museo Centro Gaiás.

— **Optimizaranse recursos e reduciranse custos**, xa que o centro integrarase no sistema de subministracións da Cidade da Cultura: enerxía, conexións, limpeza, seguridade...

— Conta con **acceso á AP9**, principal vía de comunicación que vertebra Galicia, e amplos espazos de aparcadoiro.

3


Plan estratéxico

O Centro de Artes Dixitais de Galicia será tamén un destacado **provedor de contidos** para a propia Cidade da Cultura, avanzando na liña de creación e arte dixital, incluída no seu **II Plan Estratéxico**, e diversificando e ampliando a súa oferta cultural.

PROXECTO ARQUITECTÓNICO: PUNTO DE PARTIDA

A estrutura de sotos do nunca construído Teatro da Música, edificio cuxo espazo foi reconvertido no Fontán, ofrece a oportunidade de actuar sobre **unha superficie en desuso de 4.400 m²** de espazo soterrado que, no seu estado actual, non pode ser empregada para ningunha actividade ao non estar acondicionada.

Esta estrutura en desuso conta con acceso directo desde o **aparcamento número 3** do complexo da Cidade da Cultura.



Localización do
Centro de Artes
Dixitais de Galicia
(soterrado)

PROXECTO ARQUITECTÓNICO: USOS E DISTRIBUCIÓN

O proxecto do Centro de Artes Dixitais de Galicia aposta pola creación de espazos diáfanos, flexibles e polivalentes, que permitan adaptarse ás diferentes tecnoloxías a empregar ou explorar -agora ou no futuro- sen estaren condicionadas por limitacións físicas.

O centro abranguerá os seguintes espazos:

SALA DE PROXECCIONS E VIDEOMAPPING

Espazo de gran altura libre que poida destinarse a experiencias inmersivas e interactivas, proxeccións, videomapping ou probas con drons en interior.

Como complemento a este espazo, tamén a contorna exterior da Cidade da Cultura podería ser obxecto de experiencias de presentación e difusión, como videomapping sobre fachadas ou enxames de drons, en horario nocturno e zonas acoutadas.

ÁREA DE REALIDADE VIRTUAL E POLO DE ARTE DIXITAL

Este espazo incluíría unha sala ampla destinada a experiencias inmersivas de realidade virtual ou realidade aumentada e tamén unha área para a experimentación de profesionais –emerxentes ou consolidados– e de formación a través de obradoiros en pequeno formato, concibida como polo de arte dixital e que incluíría:

- Estudo de captación dixital de imaxe
- Estudo de son para a gravación, experimentación e creación de son dixital
- Espazo de procesado dixital, con capacidade de renderizado de imaxe de alta potencia

SALA MÚLTIPLE / ESPAZO DE ACOLLIDA

Propónse unha sala múltiple de espazo amplo, que actúe como distribuidor, asumindo funcións de acollida de grupos e visitas, de mostras temporais que non requiran de espazo específico, e mesmo de presentacións informais. Incluíría un espazo con pantallas interactivas, ademais de actuar como espazo de servizos como recepción, consigna, aseos...



SERVIZOS FONTÁN

1.300 m²

- Área principal de carga e descarga (300 m²)
- Aparcadoiro e manobra (400 m²)
- Circulación traseira do edificio (350 m²)



SALA MÚLTIPLE / ESPAZO DE ACOLLIDA


1.200 m²

- Espazos de apoio/servizo no perímetro (300 m²)
- Zona de acceso directo desde o aparcamento, con escaleiras exteriores, ascensor e gran rampla (200 m²)
- Zona de recepción e exhibicións (700 m²)

ÁREA DE SERVIZOS PARA O EDIFICIO FONTÁN: 1.300 m²



CENTRO DE ARTES DIXITAIS: 3.100 m²



SALA DE PROXECCIÓN E VIDEOMAPPING

- Gran sala de 490 m², segundo solución construtiva
- Zona de entreplanta perimetral (110 m²)



ÁREA DE REALIDADE VIRTUAL E POLO DE ARTE DIXITAL

1.300m²

- Zona de espazos realidade virtual (850 m²)
- Zona de entreplanta perimetral (300 m²)
- Circulacións (150m²)



ACCESOS
SERVIZOS
FONTÁN

EDIFICIO
FONTÁN

ASCENSOR

ACCESO
PEONIL

Programa
cultural
2023

VISTA EXTERIOR



SALA MÚLTIPLE / ESPAZO DE ACOLLIDA



SALA DE PROXECCIONS E VIDEOMAPPING



ÁREA DE REALIDADE VIRTUAL E POLO DE ARTE DIXITAL



CRONOGRAMA E ORZAMENTO

Licitación: **xullo 2023**

Inicio do contrato: **outono 2023**

Remate das obras: **finais de 2025**

Orzamento de licitación: **4,5 millóns € (IVE incluído)**





XUNTA
DE GALICIA